



MELIDE, DONDE ESCOITAR?

Conta o pobo de Melide con instalacións axeitadas para a celebración de concertos, conferencias, espectáculos teatrais....? Todo tipo de eventos culturais desenvólvense en pavillóns, rúas e prazas, igrexas ou na sala do multiusos ou o pazo de congresos. Pensade en todo o que se precisa para facer unha obra de teatro, un concerto,... ademais dun bo escenario e un local que nos permita ver ben, necesitamos ante todo escoitar, máis aínda, tamén se necesitan camerinos, salas comúns, infraestruturas para a imaxe e o son, equipos audiovisuais,... O alumnado opina.

Sonia Cordido 1º BACH: Ademais dos diversos pubs e discotecas, lugares preparados acústicamente para escoitar música – e por certo, dos que a maioría da xente non podería dicir como é a súa acústica, porque cando saen de marcha non é precisamente para escoitar música – en Melide, ao meu parecer, os lugares nos que se poden escoitar música e que ao mesmo tempo sexan axeitados para ela son escasos.

Hai un proxecto de auditorio que se está levando a cabo, pero, ao igual que outras persoas, dubido das características dese auditorio, da súa acústica e de que teña unha instalacións mínimas e non se limite a un espazo no que se coloquen os músicos e os oíntes. Estas dúbidas non son de estrañar si xa antes nos levamos outros “chascos”, falo por exemplo do Pazo de Congresos, si se lle pode chamar así, porque máis ben parece un pavillón.

Últimamente estase a usar a Praza do Convento e a Igrexa como posibles espazos para a música, pero a pesar de que a calidade acústica non

está de todo mal véxolles algunhas desvantaxes, que instalacións nos pode prestar unha praza ou unha igrexa?, e non son espazos moi amplos, polo que o número de asistentes tamén é reducido.

Con todo penso que o mellor lugar para escoitar música en Melide, por agora é o aire libre.

Uxía Fuciños 1º BACH: Melide é unha vila que ten bastantes infraestruturas que “supostamente” son para escoitar, e é supostamente porque en realidade escoitase, pero no de xeito apropiado, o que fai desfavorecer as actuacións que se fan.

Olalla Vázquez 1º BACH: ningún deles é de todo axeitado para estas accións, xa que a acústica non é de todo a adecuada, moitas veces debido aos materiais cos que están construídos e a forma do edificio pero tamén pode influir a gran reverberación das salas e a ausencia de materiais absorbentes.

Belén Torreiro: os melidaos teñen que conformarse con escoitar música, con bastantes deficiencias, no Palacio de Congresos, onde acústica é pésima pola súa gran amplitude e os poucos elementos absorbentes, no multiusos, onde as salas son demasiado pequenas para albergar unha gran orquestra, o pavillón dos deportes, onde tamén se representan obras teatrais pero que a súa acústica segue sendo moi deficiente xa que non son lugares creados para o disfrute da música senón para outras actividades deportivas.

Diego Varela 1º BACH: ¡A que vós nunca pensáchedes onde podíades escoitar música en Melide! Diredes que en calquera lado, pero non todos os sitios teñen as mesmas características. A igrexa está feita



para escoitar voz, non música, e sen embargo fanse concertos.

Sandra Abad 1º BACH: Calquera deste lugares deteriora o son, dificulta as actuacións e incomoda ao público.

Giovanna Fociños 1º BACH: non todo son lugares con unha mala acústica. A praza do convento curiosamente no feita con esta finalidade é, sen embargo, un dos espazos onde mellor escoitar, porque xustamente onde colocan o escenario fai que as ondas sonoras se reflexen na parede da igrexa que actúa así de tornavoz, devolvendo as ondas cara o público, polo que a este lle chega ben o son, son que tampouco se escapa grazas ás casas que rodean a praza.

Simón Quintela 1º BACH: en Melide no existen lugares especializados para escoitar música. Ben é certo que os lugares nos que se escoita música son moitos, pese á mala calidade. Todos os lugares foron cualificados pola experiencia, é dicir, no Palacio de Congresos a primeira experiencia foi tan mala que agora evítase organizar concertos alí, aínda que se continúan a facer, debido moitas veces ás condicións climáticas desfavorables.